

**2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA**

**INSTRUCCIÓN:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
9. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.  
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. Acode á súa consulta un varón de mediana idade coa finalidade de repoñer varios dentes. Na exploración oral só obsérvase a ausencia de varias pezas dentais. Solicítase unha ortopantomografía dos maxilares e nela existe unha lesión radiopaca (de aproximadamente 2 por 3 centímetros), ben circunscrita e densamente esclerótica; no ángulo mandibular esquerdo:**

- A) Polas características do paciente (idade, ausencia de síntomas, características radiolóxicas) pode tratarse dun osteoblastoma.
- B) Polas características do paciente (idade, ausencia de síntomas, características radiolóxicas) pode tratarse dun osteoma osteoide.
- C) Polas características do paciente (idade, ausencia de síntomas, características radiolóxicas) pode tratarse dun osteoma.
- D) Polas características do paciente (idade, ausencia de síntomas, características radiolóxicas) pode tratarse dun osteosarcoma.

**2. Ante que situación clínica, tras un traumatismo nun dente permanente, é necesario un maior tempo de ferulización:**

- A) Luxación lateral.
- B) Avulsión.
- C) Fractura do óso alveolar.
- D) Fractura radicular (terzo cervical).

**3. Na Síndrome de Ramsay–Hunt, cal das seguintes afirmacións é verdadeira?**

- A) Prodúcese por unha afectación do ganglio de Gasser.
- B) É orixinada polo Virus do Herpes Simple–2 (VHS–2).
- C) Pode traer aparellada unha diminución da audición ou xordeira.
- D) Todas son verdadeiras.

**4. Un paciente está diagnosticado dun tumor odontoxénico nos maxilares. Dentro dos tumores odontoxénicos a variedade máis frecuente é o:**

- A) Tumor odontoxénico adenomatoide.
- B) Odontoma, ameloblastoma ou un mixoma.
- C) Tumor odontoxénico quístico calcificante (Quiste de Gorlin ou quiste odontoxénico calcificante).
- D) Tumor odontoxénico epitelial (Tumor de Pindborg).

**5. Sinale cal dos seguintes dentes definitivos non adoita presentar unha propagación da infección hacia palatino:**

- A) Incisivo central superior.
- B) Incisivo lateral superior.
- C) Primeiro premolar superior.
- D) Primeiro molar superior.

**6. Cal das seguintes patoloxías está asociada ao Virus do Papiloma Humano (VPH)?**

- A) Mononucleose infecciosa.
- B) Herpanxina.
- C) Enfermidade de Heck.
- D) Síndrome man-pé-boca.

**7. Cal das seguintes non é unha característica da mancha branca:**

- A) Localización en superficies libres, caras proximais debaixo do punto de contacto, paredes que delimitan fosas e fisuras.
- B) Non é permeable a substancias acedas e toxinas cara á dentina.
- C) Na capa superficial hai escasa perda de minerais.
- D) O corpo da lesión está rodeado por unha zona escura de remineralización.

**8. Derívase do servizo de pediatría a un lactante de 2 semanas por presentar beizo leporino e padal fendido. Os seus pais preguntan sobre as posibilidades de tratamento da patoloxía oral para o seu fillo. A secuencia típica de tratamento deste tipo de pacientes é:**

- A) Ás 2-4 semanas peche labial e aos 12-18 meses peche do padal.
- B) Aos 7-8 anos aliñación dos incisivos maxilares e aos 7-9 anos enxerto óseo alveolar antes da erupción dos incisivos laterais e caninos se existen.
- C) A e B son correctas.
- D) Ás 2-4 semanas realízase o peche labial e na adolescencia realízase o enxerto óseo alveolar e a ortodoncia.

**9. Os Folículos de Köster son unha manifestación histolóxica que se orixina nunha das seguintes patoloxías:**

- A) Sífilis.
- B) Tuberculose.
- C) Sarcoidose.
- D) Lepra.

**10. Sinale a característica clínica que máis pode axudarnos ao diagnóstico ante unha posible hemanxioma oral:**

- A) Coloración vermella-azulada.
- B) Palidez á vitropresión.
- C) Localización.
- D) Ausencia de sintomatoloxía.

**11. En canto aos riscos profesionais en Odontoloxía que afirmación é certa:**

- A) As infeccións por helicobacter Pilory na actualidade están consideradas como enfermidade profesional en odontoloxía.
- B) As formas esporuladas do tétanos poden estar presentes na boca dos nosos pacientes.
- C) A e B son certas.
- D) A e B son falsas.

**12. A utilización do paracetamol na dor de orixe dental ten as seguintes características:**

- A) Con anticoagulantes orais e en alcoholismo crónico evitar doses elevadas (maiores a 2 gramos/día) e tratamentos longos (máis de 7 días).
- B) En pacientes con déficit de glicosa-6-fosfato-deshidrogenasa pode precipitar anemia hemolítica aguda.
- C) É o analxésico de elección porque non é gastrolesivo.
- D) Todas son correctas.

**13. Dos seguintes fármacos, cal non require axuste da dose ou aumento do intervalo entre as mesmas, nun paciente con Insuficiencia Renal Crónica Severa (IRC). (Aclaramento de Creatinina menor a 10 ml/min):**

- A) Claritromicina.
- B) Penicilina G.
- C) Clindamicina.
- D) Aciclovir.

**14. Ante un paciente que sufriu unha anxina de peito hai tres meses e que necesita realizar unha extracción dental cirúrxica, que afirmación é certa:**

- A) Está dentro da categoría ASA IV e pode recibir o tratamento.
- B) Está dentro da categoría ASA III e debería pospoñerse o tratamento ata dentro de seis meses.
- C) Está dentro da categoría ASA III e pode realizar o tratamento.
- D) Está dentro da categoría ASA II e pode realizar o tratamento.

**15. A imaxe radiolóxica característica do quiste nasopalatino é:**

- A) En forma de corazón.
- B) En forma de pompas de xabón.
- C) En forma de empalizada.
- D) En panal de abella.

**16. Desde o punto de vista radiográfico que describe con máis exactitude ao absceso apical agudo.**

- A) Imaxe radiolúcida periapical maior de 5 mm.
- B) Obsérvanse marxas difusas.
- C) Obsérvase desde destrución da lámina ósea dura ata osteolise considerable.
- D) Poden non ser evidentes alteracións radiolóxicas.

**17. Indique cal das seguintes lesións ten maior grao de malignización:**

- A) Lupus eritematoso discoide.
- B) Eritroplasia.
- C) Leucoplasia homoxénea.
- D) Liquen plano reticular.

**18. Nunha fractura do terzo medio facial na que se observa só un movemento en bloque do maxilar superior, o diagnóstico será de:**

- A) Le Fort IV.
- B) Le Fort II.
- C) Le Fort I.
- D) Le Fort III.

**19. Á hora de anestesiarse a un neno no que debemos empregar un bloqueo do nervio dentario inferior, que teremos en conta:**

- A) Na infancia a posición do orificio mandibular cambia debido á distinta proporción entre corpo e rama ascendente.
- B) En sentido anteroposterior o orificio ten unha posición constante durante a vida.
- C) A e B son certas.
- D) A e B son falsas.

**20. Cal das seguintes situacións clínicas constitúe unha indicación para a odontosección?**

- A) Molares temporais cuxas raíces engloban o xerme do premolar permanente.
- B) Dentes incluídos.
- C) Dentes unirradiculares con raíces con hiper cementose.
- D) Todas son indicacións de odontosección.

**21. Uns pais acoden coa súa filla á consulta dental preocupados pola forma do seu maxilar e a colocación dos seus dentes. No desenvolvemento craniofacial, a rexión nasomaxilar crece por:**

- A) Desprazamento pasivo como consecuencia do crecemento da base do cranio que empuxa ao maxilar cara adiante.
- B) Crecemento activo das estruturas maxilares e do nariz.
- C) A e B son correctas.
- D) Desprazamento pasivo como consecuencia do crecemento da base do cranio que empuxa ao maxilar cara atrás.

**22. Ante unha cirurxía oral que precise de anestesia xeral, un paciente con diabetes mellitus mal controlada, clasificaríase como:**

- A) ASA I.
- B) ASA II.
- C) ASA III.
- D) ASA IV.

**23. Sinale a situación clínica na que non estaría indicada a realización dunha biopsia nunha Unidade de Saúde Bucodental de Atención Primaria.**

- A) Posible síndrome de Sjögren.
- B) Lesión branca que non se desprende ao raspado en mucosa xugal.
- C) Posible lesión vascular anxiomatosa.
- D) Posible mucocele no labio inferior.

**24. Nun paciente sometido a diálise peritoneal...**

- A) O tratamento dental verase limitado só polo estado xeral do paciente.
- B) É necesario facer un control da coagulación.
- C) A e B son correctas.
- D) A e B son falsas.

**25. Cando no transcurso dun tratamento odontolóxico o paciente perde o coñecemento e comproba que está en parada cardiorrespiratoria vostede debe:**

- A) Colocar ao paciente nunha superficie dura en decúbito supino.
- B) Iniciar as compresiones torácicas a unha secuencia de 30 compresións a un ritmo elevado (polo menos 100 por minuto sen superar as 120).
- C) Entre cada secuencia de 30 compresións por minuto, abrir a vía aérea e subministrar dúas ventilacións suaves de 1 segundo.
- D) Tódalas opcións son correctas.

**26. Entre as interaccións medicamentosas da administración de amoxicilina por vía oral atópanse:**

- A) Co alopurinol aumenta a incidencia das reaccións alérxicas.
- B) Cos anticoagulantes orais aumenta o risco de hemorraxia.
- C) Cos anticonceptivos orais diminúe a súa efectividade.
- D) Todas son correctas

**27. No Lupus Eritematoso, é certo que:**

- A) Aparece sobre todo en varóns, xeralmente a partir dos 55 anos.
- B) O Lupus Eritematoso Discoide orixina lesións en órganos diana, como riles e vasos sanguíneos.
- C) Nas lesións orais discoides atípicas aparecen estrías esbrancuxadas nas mucosas xugais, enxiva ou lingua.
- D) Todas son correctas.

**28. Sinale en cal dos seguintes colgallos empregados en cirurxía periapical, existe unha incisión horizontal intrasulcular:**

- A) Luebke-Ochsenbein.
- B) Partsch.
- C) Vreeland.
- D) Neumann.

**29. Das dúas formas clínicas da Sialometaplasia Necrotizante, a ulcerada e a exofítica, cal delas presenta manifestación ganglionar?**

- A) Soamente a forma ulcerada presenta manifestación ganglionar.
- B) Soamente a forma exofítica presenta manifestación ganglionar.
- C) Ambas formas presentan manifestación ganglionar.
- D) Ningunha forma presenta manifestación ganglionar.

**30. Cal dos seguintes é un criterio da Cefalea en Acios Episódica?**

- A) Episodios dolorosos de non máis de 5 minutos de duración.
- B) Xeralmente de aparición bilateral.
- C) Frecuentemente iníciase na zona mandibular inferior.
- D) Frecuencia dunha a tres crises ao día, maiormente pola noite.

**31. Unha paciente de mediana idade solicita unha consulta co dentista porque ao abrir e pechar a boca escoita uns ruídos. A exploración dos ruídos articulares débese realizar mediante:**

- A) Palpación.
- B) Audición directa.
- C) Auscultación con fonendoscopio.
- D) Tódalas anteriores opcións.

**32. Vostede consulta a unha paciente de 46 anos que se queixa de dor na mandíbula, tempas, cara, área preauricular e interior do oído, tanto en repouso como nos movementos mandibulares. Segundo a última clasificación de RDC/TMD (Research Diagnostic Criteria for Temporomandibular Disorders) para clasificar a dor na categoría de dor miofascial ademais debe presentar:**

- A) Dor á palpación en polo menos 3 dos 20 puntos musculares preestablecidos; e un deles debe situarse no mesmo lado do que se queixa o paciente.
- B) A detección dun clic no movemento de apertura ou peche.
- C) A e B son correctas.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

**33. A exodoncia mediante forceps, réxese polos mesmos principios que as pancas de:**

- A) Primeiro xénero.
- B) Segundo xénero.
- C) Terceiro xénero.
- D) A e B son correctas.

**34. Indique cal das seguintes lesións orais presentan mellor pronóstico:**

- A) Melanoma.
- B) Carcinoma oral de células escamosas.
- C) Fibrosarcoma.
- D) Carcinoma verrucoso.

**35. Entre as manifestacións orais específicas da Diabetes Mellitus atopamos:**

- A) Enfermidade periodontal.
- B) Agrandamento parotídeo bilateral.
- C) Síndrome de boca ardente.
- D) Non presenta manifestacións orais específicas.

**36. Con respecto á avaliación dos resultados dun Programa de Saúde que afirmación é falsa:**

- A) A eficacia mide os efectos sobre a saúde do programa nos individuos alcanzados polas actividades.
- B) Canto máis se achegue a efectividade á eficacia maior é o grao de adhesión do programa.
- C) A eficacia aplícase nas condicións reais da práctica clínica.
- D) A efectividade mide os efectos sanitarios no conxunto da poboación obxecto.

**37. Sinale cal dos seguintes factores non inflúe no desenvolvemento dunha necrose pulpar, nun dente permanente, tras un traumatismo:**

- A) Luxación sen desprazamento.
- B) Exposición pulpar.
- C) Compresión do tecido pulpar apical.
- D) Contaminación externa (avulsión).

**38. Entre as manifestacións orais secundarias á toma de medicación antihipertensiva con Betabloqueantes, podemos atopar cal das seguintes:**

- A) Eritema Xinxival Lineal.
- B) Reaccións Liquenoides.
- C) Xinxivite Descamativa Crónica.
- D) Todas son correctas.

**39. Indica cal dos seguintes signos clínicos non é característico da anxina de Ludwig:**

- A) Afectación de espazos submaxilar, submentoniano e sublingual.
- B) Aspecto clínico de boca aberta.
- C) Tumefacción unilateral.
- D) Existe dificultade respiratoria.

**40. Nunha cita odontolóxica vostede atende a un neno que require un exceso de atención, que se opón e contradi aos seus pais; non colabora co dentista e non responde aos eloxios. Posiblemente atópese ante un:**

- A) Neno atemorizado.
- B) Neno con aversión á autoridade.
- C) Neno cunha alteración emocional.
- D) Neno tímido ou introvertido.

**41. En canto aos seladores de fisuras, que afirmación é certa:**

- A) A carie incipiente limitada a esmalte non avanza debaixo dun selador aínda que se perda parcialmente.
- B) A perda parcial ou total dun selador non fai que o dente selado sexa máis susceptible de desenvolver carie.
- C) Os seladores teñen distinta efectividade en zonas fluoradas e non fluoradas.
- D) A retención do selador vese afectada pola aplicación previa de fluor.

**42. Unha paciente no segundo trimestre do embarazo require a realización dunha extracción dental, cal dos seguintes anestésicos locais sería o de elección?**

- A) Mepivacaína.
- B) Lidocaína.
- C) Bupivacaína.
- D) Ningún dos anteriores.

43. Unha paciente de 70 anos solicita asistencia odontolóxica por presentar dor matutino e na mastigación das articulacións temporomandibulares (ATM) desde fai aproximadamente 9 meses. Na exploración obsérvase dor á palpación nas ATM e nos músculos da mastigación. Tamén presenta ruídos e limitación nos movementos mandibulares. Entre os signos radiolóxicos da artrose das ATM atópanse:

- A) Aplanamento condilar e da eminencia articular.
- B) Osteofitos e esclerose subcondral.
- C) Diminución do espazo e erosión da superficie articular.
- D) Tódolos anteriores.

44. Segundo a Asociación Americana de Cardioloxía (AHA 2007), a pauta correcta por vía oral con Azitromicina para un neno alérxico á Penicilina, que precisa profilaxe para previr unha Endocardite Bacteriana, é:

- A) 30 mg/kg, unha hora antes da intervención.
- B) 15 mg/kg, de 30 a 60 minutos antes da intervención.
- C) 50 mg/kg, unha hora antes da intervención.
- D) 20 mg/kg, de 30 a 60 minutos antes da intervención.

45. Cal das seguintes afirmacións é correcta con respecto ao índice Dean para avaliar a fluorose dental?

- A) Rexistra o valor das dúas pezas dentais máis afectadas.
- B) Establece 4 graos de intensidade de afectación.
- C) É útil en poboacións con niveis altos de fluorose.
- D) A e C son correctas.

46. Respecto á aplicación da "Ley de Clark", marque o enunciado incorrecto:

- A) Ten utilidade clínica para a localización do canino superior incluído.
- B) Necesítanse polo menos 2 proxeccións periapicales con diferente posición do tubo de raios X.
- C) Se o canino está incluído en posición palatina, desprazase no mesmo sentido que o tubo de raios X.
- D) Se o canino está incluído en posición palatina, desprazase en sentido contrario ao do tubo de raios X.

47. Marque a opción correcta: Sinalouse a relación frecuente entre o lique plano e...

- A) Tabaco.
- B) Alcol.
- C) Ansiedade e stress.
- D) a) e b) son correctas.

48. Nunha revisión dun neno de 5 anos, os seus pais refiren que fai uns días quitáronlle unha moa de leite porque tiña unha carie moi extensa. Na exploración oral, apréciase a ausencia do segundo molar temporal e dos primeiros molares permanentes. O obxectivo do tratamento é:

- A) Manter o espazo para o segundo premolar e guiar a erupción do primeiro molar permanente.
- B) Manter o espazo para o primeiro premolar.
- C) Non é necesario manter o espazo para o primeiro premolar.
- D) Ningunha é correcta.

**49. Nos casos de pacientes con mucosite post radioterapia por cancro de cabeza e pescozo, cal destes colutorios mostrouse máis efectivo para o tratamento da mucosite?**

- A) Clorhexidina.
- B) Triclosán + Citrato de Zinc.
- C) Bencidamida.
- D) Hexetidina.

**50. Cal das seguintes afirmacións NON é unha característica da Candidiase Hiperplásica Crónica?:**

- A) Preséntase en forma nodular ou en placas.
- B) As lesións que provoca despréndense co raspado.
- C) Aparece fundamentalmente na zona retrocomisural.
- D) Pode presentar displasias epiteliais.

**51. Paciente de 8 anos que foi catalogado de risco moderado de carie, que indicación para realizar o cepillado sería máis adecuada:**

- A) Cepillado con pasta 1000 ppm a 1450 ppm de ión fluor con aclarado e tamaño dun gran de arroz.
- B) Cepillado con pasta 1000 ppm a 1450 ppm de ión fluor e tamaño dun chícharo.
- C) Cepillado con pasta 1450 ppm a 5000 ppm de ión fluor con aclarado e tamaño dun gran de arroz.
- D) Cepillado con pasta de 1450 ppm a 5000 ppm de ión fluor sen aclarar e aplicando o tamaño dun chícharo.

**52. Para que se poida afirmar que hai un estado de infección cruzada, hase de ter en consideración os seguintes factores:**

- A) Foco de infección, vehículo de transmisión do axente patóxeno e vía de administración.
- B) Foco de infección, vehículo de transmisión do axente patóxeno, vía de administración e mecanismos de protección contra a infección.
- C) A e B son correctas.
- D) Ningunha é correcta.

**53. O pediatra remítelle un neno de 12 meses que aínda non tivo a erupción de ningún dente deciduo. A cronoloxía eruptiva normal dos incisivos de leite é:**

- A) Sobre os 6–8 meses prodúcese a erupción dos incisivos centrais inferiores, seguida da dos centrais superiores, laterais superiores e finalmente a dos laterais inferiores.
- B) Sobre os 6–8 meses prodúcese a erupción dos incisivos centrais superiores, seguida da dos centrais inferiores, laterais inferiores e finalmente a dos laterais superiores.
- C) Sobre os 6–8 meses prodúcese a erupción dos centrais superiores, seguida da dos laterais superiores, centrais inferiores e finalmente a dos laterais inferiores.
- D) Ningunha é correcta.

**54. A úlcera traumática ten como principal característica clínica:**

- A) Elevada frecuencia de aparición.
- B) Relación causa–efecto.
- C) Localización múltiple.
- D) Carácter agudo ou crónico.

**55. Na Anemia Perniciosa. Cal das seguintes afirmacións é verdadeira?**

- A) É unha Anemia Hemolítica.
- B) Non conleva unha modificación do tratamento dental.
- C) As lesións remiten tras instaurar o tratamento con Ácido Fólico.
- D) Todas son verdadeiras.

**56. Respecto á fluorose, que afirmación é falsa:**

- A) Presenta formas redondeadas ou ovais.
- B) As zonas afectadas pérdense imperceptiblemente no esmalte san contiguo.
- C) Presenta cor branca xiz.
- D) As lesións aparecen simetricamente na arcada e comprometen dentes homólogos.

**57. No transcurso da realización da historia clínica o paciente di que está infectado co VIH. Na exploración odontolóxica realízase o diagnóstico de candidiase oral. A candidiase oral no paciente VIH está relacionada con:**

- A) O aumento do recuento de linfocitos CD4+.
- B) Coa diminución da carga viral.
- C) Coa diminución do recuento de linfocitos CD4+ e o aumento da carga viral.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

**58. Con respecto á apicoformación, que afirmación é certa:**

- A) Realízase en dentes con inflamación pulpar profunda.
- B) Causa máis desenvolvemento en lonxitude da raíz.
- C) Preserva o tecido pulpar vital na parte apical do dente.
- D) Realízase en dentes permanentes inmaduros e non vitais.

**59. Segundo as Guías da Organización Mundial da Saúde (OMS), o termo "tratamento do tabaquismo" inclúe as seguintes estratexias:**

- A) Reducir o número de novos fumadores, especialmente entre as persoas novas.
- B) Apoiar e axudar aos fumadores que queiran deixar o hábito.
- C) Evitar que os non fumadores, incluído o feto, sufran como consecuencia do uso do tabaco por outros.
- D) Todas as anteriores son correctas.

**60. Respecto á aparición dunha lesión ulcerada na mucosa oral, tras a inxección dun anestésico local, sinale o enunciado incorrecto:**

- A) Aparece de forma tardía (máis de 48 horas).
- B) Localízase con maior frecuencia na mucosa palatina.
- C) Pódese previr realizando unha técnica de inxección lenta e cuidadosa.
- D) O seu tratamento pode precisar de fármacos analxésicos e/o antibióticos.

**61. Que marcador molecular ten un valor predictivo para o diagnóstico do carcinoma oral de células escamosas:**

- A) p51.
- B) p52.
- C) p53.
- D) p54.

**62. Paciente adulto que acode con dor intensa. O dente número 47 ten percusión positiva, lixeira mobilidade. Os tecidos blandos adxacentes están tumefactos. Non se aprecian modificacións radiolóxicas periapicales. O diagnóstico de presunción sería:**

- A) Absceso apical crónico.
- B) Periodontite apical sintomática.
- C) Periodontite apical asintomática.
- D) Ningunha das anteriores.

**63. O diagnóstico de hipercementose establécese baseándose en:**

- A) Experiencia clínica, por comparación doutros dentes e por achados radiolóxicos.
- B) Radioloxicamente caracterízase pola aposición excesiva de cemento na raíz de aspecto nodular, redondo bulboso ou en forma de espícula.
- C) Radioloxicamente é un achado casual.
- D) Tódalas anteriores son correctas.

**64. En canto á adhesión, que afirmación é falsa:**

- A) O mecanismo fundamental de adhesión a esmalte é de natureza micromecánica.
- B) A adhesión a dentina é mediante a capa híbrida.
- C) O Primer é unha solución hidrofílica coa dentina húmida e que posúe solventes na súa composición.
- D) Despois do gravado, un secado excesivo con aire fai que o adhesivo penetre superficialmente e obtéñense valores de resistencia de unión menores.

**65. O proceso de monitorización da esterilización pódese realizar por varios métodos:**

- A) Por medio da comprobación da temperatura, tempo e presión dos aparatos de esterilización.
- B) Por medio da visualización do cambio da cor dos distintos indicadores presentes nas cintas adhesivas, tiras indicadoras e bolsas de esterilización.
- C) Por medio de test de esporas.
- D) Tódalas anteriores son correctas.

**66. Se no transcurso dun tratamento odontolóxico o paciente presenta unha diminución progresiva do nivel de consciencia, vostede debe:**

- A) Cesar o tratamento odontolóxico e esperar 10 minutos a que o paciente se recupere.
- B) Cesar o tratamento odontolóxico, comprobar se a respiración é normal e se esta é mínima ou ausente pedir axuda ao 061 e comezar as manobras de soporte vital básico.
- C) Iniciar as manobras de reanimación sen comprobar que o paciente non ten respiración.
- D) Aplicar de inmediato desfibrilación externa semiautomática.

**67. Sinale que característica clínica non corresponde ao bermellón labial:**

- A) Presenza de glándulas salivales.
- B) Especial vulnerabilidade á acción de axentes externos (frío, raios UVA?).
- C) Epitelio delgado.
- D) Responsable da forte coloración avermellada da zona.

**68. Cal das seguintes probas de imaxe está contraindicada no diagnóstico dunha sialoadenite aguda supurada?**

- A) Resonancia magnética.
- B) Sialografía.
- C) Tomografía Axial Computerizada.
- D) Todas as probas anteriores están indicadas.

**69. Durante a consulta odontolóxica a un neno de 8 anos, vostede cre que necesita aplicar unha técnica de inmovilización (restrición física). Esta técnica pódese realizar mediante:**

- A) Inmovilización por parte do equipo odontolóxico.
- B) Inmovilización mediante dispositivos específicos.
- C) Inmovilización por parte dos pais.
- D) Tódalas anteriores son correctas.

**70. Nun paciente de idade avanzada que require sedación consciente, o fármaco preferible é:**

- A) Os barbitúricos.
- B) O propofol.
- C) As benzodiazepinas.
- D) Os opioides.

**71. A aparición dunha luxación unilateral temporomandibular despois dunha exodoncia, pode ser tratada por redución manual mediante a manobra de:**

- A) Dupuis.
- B) Nelaton.
- C) Wilson.
- D) Akinosi.

**72. En relación ao control mecánico e químico da placa, é certo que:**

- A) Recoméndanse colutorios de Clorhexidina ao 0.12% sós ou con flúor para previr as caries.
- B) Os colutorios que teñen como axente activo os aceites esenciais non son efectivos no control de placa.
- C) A hexetidina é unha alternativa á Clorhexidina no control da placa.
- D) O fío dental non é efectivo en superficies cóncavas.

**73. O síntoma inicial máis frecuente da enfermidade de Alzheimer é:**

- A) Alteracións da linguaxe.
- B) Perda de habilidades psicomotoras.
- C) Perda de memoria a curto prazo.
- D) Ningunha é correcta.

**74. Cal dos seguintes está entre os criterios menores para o diagnóstico da Síndrome de Behçet?**

- A) Úlceras xenitais.
- B) Inflamación ocular.
- C) Lesións articulares.
- D) Lesións cutáneas.

**75. A hiperpigmentación da mucosa oral é un signo característico de:**

- A) Tirotoxicosis
- B) Síndrome de Cushing
- C) Enfermidade de Addison
- D) Feocromocitoma

**76. A localización máis frecuente das lesións orais orixinadas polo Penfigoide Benigno das Mucosas é:**

- A) Mucosa xugal.
- B) Mucosa labial.
- C) Enxivas e padal.
- D) Mucosa de piso de boca.

**77. Os accidentes máis frecuentes durante ou tras a administración dun anestésico local son:**

- A) Reaccións alérxicas.
- B) Interaccións farmacolóxicas.
- C) Intolerancia ao anestésico.
- D) Reaccións vagais.

**78. Na clasificación dos pacientes segundo o risco de carie, sinale que afirmación é falsa:**

- A) Neno con necesidades especiais e sen historia de carie clasificaríase como de risco moderado.
- B) Nenos con lesións cavitadas, alto nivel bacteriano e factores como baixa exposición ao flúor e xerostomía considérase de risco extremo.
- C) Paciente sen lesións de carie, baixo nivel socioeconómico e inxesta de azucres antes de durmir considérase de alto risco.
- D) Todas son verdadeiras.

**79. En cal das seguintes formas de candidiase oral débese ter en conta unha posible transformación maligna?**

- A) Candidiase Eritematosa Crónica.
- B) Candidiase Hiperplásica Crónica.
- C) Candidiase Pseudomembranosa Crónica.
- D) Candidiase Eritematosa Aguda.

**80. Cal das seguintes son fases na práctica da odontoloxía comunitaria:**

- A) Diagnóstico, consentimento informado, implementación do programa.
- B) Enquisa, plan de tratamento, aprobación do plan.
- C) Planificación de programas, implementación do tratamento, avaliación.
- D) Todas son falsas.

**81. Para os índices que miden o grao de destrución dos tecidos periodontais utilízase a perda de inserción e a profundidade de bolsa. Sobre a primeira, que afirmación é certa:**

- A) Dá información sobre a historia total da enfermidade e é a distancia entre a liña amelocementaria e o fondo de bolsa ou suco.
- B) Dá información relativa á enfermidade presente e é a distancia entre bordo xenxival e fondo de bolsa.
- C) Indica que a enfermidade está presente nesa zona.
- D) Informa sobre a actividade presente da enfermidade.

**82. Indique a opción correcta: A Glosite Migratoria Benigna maniféstase en forma de placas no dorso da lingua, que se corresponden con...**

- A) Un área de perda das papilas filiformes.
- B) Un área de perda das papilas funxiformes.
- C) Unha área onde se resaltan as papilas filiformes.
- D) A e B son correctas.

**83. Indique a resposta correcta con respecto á Xenxivite Ulceronecrotizante Aguda:**

- A) Non se considera unha infección oportunista.
- B) Está entre as lesións comunmente asociadas a pacientes VIH positivos.
- C) O tratamento antibiótico de elección é a Clindamicina.
- D) No seu tratamento, non está recomendada a limpeza cirúrxica das lesións xinxivais na fase aguda.

**84. Con respecto ao Factor VII da coagulación, é correcto que:**

- A) Intervén na vía intrínseca da coagulación.
- B) Recibe o nome de Proacelerina.
- C) É un factor Vitamina K dependente.
- D) Todas son correctas.

**85. Cal das seguintes características constitúe un factor de risco de malignización da leucoplasia oral?**

- A) Localización en mucosa xugal.
- B) Forma clínica homoxénea.
- C) Orixe idiopático.
- D) Ausencia de displasia.

**86. Cal das seguintes afirmacións sobre a influencia da patoloxía periodontal sobre a polpa é falsa:**

- A) A presenza dunha capa intacta de cemento é importante para protexer a polpa de microorganismos da placa.
- B) Unha infección orixinada a partir dunha bolsa periodontal pode propagarse á polpa a través de condutos accesorios.
- C) O tipo de tratamento periodontal que se realiza non inflúe na reacción da polpa dental.
- D) Normalmente e sempre que está preservada a irrigación sanguínea a través do forame, a polpa soporta as agresións da patoloxía periodontal.

**87. Que técnica cirúrxica consegue unha eliminación do frenillo labial superior, deixando a cicatriz mucosa en diferente dirección á do frenillo?.**

- A) Romboidal.
- B) Z-plastia.
- C) Plastia V-Y.
- D) Ningunha das anteriores.

**88. Con cal dos seguintes fármacos é menos probable a aparición dunha osteonecrose dos maxilares tras a realización dunha exodoncia dental?.**

- A) Unha dose de 40 mg de triamcinolona acetónido por vía intramuscular.
- B) Un tratamento con alendronato oral durante un ano.
- C) Un tratamento con alendronato oral durante catro anos.
- D) Un tratamento durante un ano con ácido zoledrónico por vía intravenosa.

**89. Nas persoas maiores, unha das principais causas de xerostomía é o consumo de certos fármacos. Entre estes, cales poden estar relacionados coa Síndrome de Boca Seca?**

- A) Antidepressivos tricíclicos.
- B) Sedantes e tranquilizantes.
- C) Antihistamínicos.
- D) Tódolos anteriores.

**90. Cal dos seguintes fármacos é utilizado para controlar a hipersecreción salival?**

- A) Pilocarpina.
- B) Anetoltritiona.
- C) Parches de Escopolamina.
- D) b) e c) son correctas.

**91. Tras un traumatismo nun incisivo central superior temporal, si se observa un severo desprazamento da coroa hacia labial (vestibular), o tratamento adecuado será:**

- A) Anestesia e exodoncia.
- B) Anestesia e reposición.
- C) Anestesia e pulido do borde incisal no caso de interferencia oclusal.
- D) Actitude expectante.

**92. Sinale o enunciado incorrecto:**

- A) A hipertrofia provoca un aumento do tamaño do tecido por un aumento do tamaño das células.
- B) A hiperplasia provoca un aumento do volume tisular por un aumento no número de células.
- C) A exocitose é a emigración das células do infiltrado inflamatorio cara o epitelio adxacente.
- D) Na acantose hai unha diminución do estrato espinoso pola destrución das unións celulares.

**93. Cando se realiza unha protección pulpar directa, que afirmación é falsa:**

- A) Débese eliminar máis tecido pulpar despois da exposición pola limpeza da carie.
- B) O sangrado pódese controlar lavando con hipocloroto sódico.
- C) Xeralmente límitase a dentes asintomáticos.
- D) O MTA ten un sólido historial como promotor da formación de pontes de dentina terciaria reparadora.

**94. Nun paciente diagnosticado da enfermidade de Paget con afectación dos maxilares requírese realizar extraccións dentais. Neste contexto podemos atoparnos as seguintes complicacións:**

- A) Aumento do risco de cadros de osteomielite nas zonas afectadas ante mínimas inxurias.
- B) Dificultades na exodoncia de dentes afectados de hipercementose.
- C) Os procedementos cirúrxicos bucais poden dar lugar a marcadas hemorraxias.
- D) Tódalas opcións anteriores son correctas.

**95. Na exploración oral dun neno no período de recambio da dentición primaria á permanente obsérvase un apiñamento grave. Entre as indicacións das extraccións seriadas atópanse:**

- A) En maloclusións de clase I, discrepancias óseo-dentarias de 7 ou máis mm.
- B) Presenza de recesións xinxivais con destrución da táboa externa nun ou nos dous incisivos centrais mandibulares.
- C) Perda temprana dun ou ambos caninos temporais sen apreciar mellora do apiñamento incisivo.
- D) Tódalas anteriores son correctas.

**96. Un adulto de 50 anos, tras sufrir un traumatismo dental coa presenza de feridas contaminadas en tecidos brandos, cando debería recibir a vacina contra o tétanos ou unha dose "de recordo"?:**

- A) Se pasaron máis de 2 anos desde a última vacina.
- B) Se pasaron máis de 3 anos desde a última vacina.
- C) Se pasaron máis de 4 anos desde a última vacina.
- D) Arredor dos 65 anos de idade, se foi vacinado correctamente no seu día.

**97. Nun paciente que acode á súa consulta e solicítalle a súa axuda para deixar de fumar, vostede debe saber que na cesación tabáquica:**

- A) As taxas de abstinencia que se obteñen no longo prazo, en xeral, son maiores canto máis tempo se dedique aos pacientes.
- B) Preguntar acerca do consumo de tabaco nun contexto de saúde aumenta as posibilidades de que, aínda que non se imparta consello, se realice un intento de cesación do consumo.
- C) As intervencións breves (menores de tres minutos) non son eficaces.
- D) As opcións A e B son correctas.

**98. Cal das seguintes non é unha situación de outorgamento de consentimento por substitución sempre:**

- A) Paciente circunstancialmente incapacitado para tomar decisións.
- B) Cando un representante legal dun menor tome unha decisión contraria aos seus intereses poñeranse os feitos en coñecemento da autoridade competente.
- C) Menores de idade.
- D) Incapacitados legais.

**99. Cal é a afirmación correcta con respecto ao Tempo Parcial de Tromboplastina Activada (TPTA)?**

- A) Mide a vía extrínseca da coagulación.
- B) É sensible aos factores VIII, IX, X, XI E XII.
- C) O valor normal é de 6 a 8 segundos.
- D) Todas son correctas.

**100. En canto ao índice CAOD presenta limitacións na actualidade debido a:**

- A) En adultos a capacidade de estandarización é limitada.
- B) Ten unha distribución simétrica nas sociedades desenvolvidas.
- C) As obturacións estéticas sobrevaloran o compoñente "O".
- D) Ten en conta os dentes en risco.

1. Aos poucos minutos de administrar unha inxección de 1,8 ml de mepivacaína para realizar a anestesia do nervio dentario inferior nun paciente ao que se lle vai a realizar a exodoncia dun molar inferior, este séntese inqueda, con prurito e arróibaselle a pel de forma difusa. Ten dificultade respiratoria e con dispnea inspiratoria e estridor, está afónico e leva as mans á garganta. O paciente non colabora. Ten un pulso débil e está hipotenso. Neste caso a súa actuación é:

- A) Comprobar e asegurar a permeabilidade da vía aérea, a respiración e a circulación.
- B) Administrar osíxeno en máscara, inxectar por vía subcutánea adrenalina e se hai broncoespasmo administrar beta-2-adrenérxicos.
- C) Posiblemente trátase dun síncope vaso-vagal e espera a que se recupere.
- D) A e B son correctas.

2. Un paciente infectado polo VIH presenta unha xenxivite úlcero necrotizante, que se caracteriza por:

- A) Destrución lenta da enxiva.
- B) Na súa etiopatoxenia interveñen principalmente bacterias anaerobias (Bacteroides spp, Porphyromonas e Prevotella).
- C) Existencia de destrución dos tecidos duros.
- D) Está producida exclusivamente polo Staphylococcus aureus.

3. Acode á súa consulta un varón de 50 anos que se queixa de problemas nas enxivas. Na súa historia clínica destaca ser fumador de 10 cigarros ao día durante 20 anos. Nas persoas que fuman:

- A) A incidencia e a severidade da periodontite son maiores.
- B) Presentan bolsas periodontais máis profundas.
- C) Presentan menor inflamación e hemorraxia xinxivais.
- D) Tódalas anteriores son correctas.

4. É certo que as lesións orais non discoides do Lupus Eritematoso:

- A) Non presentan áreas queratinizadas esbrancuxadas.
- B) Aparecen sobre todo no Lupus Eritematoso Discoide.
- C) Poden desaparecer completamente cando o fai o brote agudo da enfermidade.
- D) a) e c) son correctas.

5. Sinale en que estadio clínico se encontra un paciente con carcinoma oral de células escamosas T<sub>2</sub> N<sub>1</sub> M<sub>0</sub>.

- A) Estadio IV.
- B) Estadio III.
- C) Estadio II.
- D) Estadio I.

6. A presenza do "absceso migratorio de Chompert" prodúcese por unha afectación do espazo:

- A) Canino.
- B) Mentoniano.
- C) Pterigomandibular.
- D) Xeniano.

**7. Na Leucoplasia Velloso, é certo que:**

- A) É unha lesión precancerosa.
- B) Ocasiona fundamentalmente lesións na mucosa labial que non se desprenden polo raspado.
- C) Está asociada ao virus de Epstein-Barr.
- D) a) e c) son correctas.

**8. Entre as manifestacións orais nun neno con Hipotiroidismo Conxénito, cal das seguintes pode aparecer?**

- A) Atraso da erupción dental.
- B) Macroglosia.
- C) Beizos finos.
- D) Microdoncia.

**9. Durante a limpeza dunha carie obsérvase unha dentina de cor marrón escuro que pode corresponderse con dentina esclerótica. Esta pode producirse:**

- A) Mediante a formación continua de dentina peritubular.
- B) Mediante a calcificación intratubular.
- C) A e B son correctas.
- D) Ningunha é correcta.

**10. Ante un impacto frontal na rexión do mentón, é máis probable que ocorra unha fractura mandibular a nivel de:**

- A) Cóndilo mandibular.
- B) Ángulo mandibular.
- C) Rama ascendente mandibular.
- D) Sínfise mandibular.